

90 Anos en RADIO en Lugo

A RADIO NA NOSA VIDA.

A Nosa Vida na Radio

Tonina Gay – Paco Riverá – Chema N. Losada
Lembranza de Maícial González Vigo



A RADIO DA NOSA VIDA

O 27 de outubro de 1935 foi para a cidade de Lugo unha data histórica. Comezou a funcionar a emisora E.A.J. 68, Radio Lugo. E a cidade entrou nun mundo diferente, no señorío do Son, da Palabra e da Música. O éter comezou a poboarse de sons. Foi unha revolución sonora que, desde entón, non deixou de evolucionar, de invadir o mundo.

A radio era daquela un fenómeno que estaba invadindo Europa, e polo tanto España, e por fin Galicia.

No Cartafolio de Lugo, Ánxel Fole comenta que xa no ano 1922 “tivo lugar a primeira audición radiofónica de telefonía sen fíos no edificio do Círculo das Artes, e nela escoitárase galopar un cabalo e cantar un paxaro en Londres”. Anxel Fole nacera, por certo, na casa onde logo se instalaría a emisora Radio Lugo, na praza de Angel Fernández Gómez 5, da cidade de Lugo.



En El Progreso do 27 de xaneiro de 1935 publícase un anuncio de venta de aparatos de radio da marca ATWATERKENT, para as ondas normal, longa e extra-curta, con amplas facilidades de pago.

Jesús Aparicio, en Ronda de Castilla 52, concesionario exclusivo destes aparatos ofrece demostración deles para comprobar “que non hai outro que o iguale en selectividade, potencia e alcance”.

En España, a primeira emisora foi Radio Barcelona (E.A.J. 1), que saíu ás ondas en novembro de 1924. En xullo daquel mesmo publicárase o “Reglamento para el establecimiento de Estaciones Radioeléctricas Particulares”. En decembro de 1925 nace Radio Madrid-Unión Radio. En Galicia comeza a emitir en 1924 Radio Coruña, e ese mesmo ano Radio Pontevedra e Radio Vigo.

En 1935, aparece no dial Radio Orense, E.A.J. 57. Por fin, o 27 de outubro de 1935 nace E.A.J. 68, Radio Lugo, promovida polo leonés de Villafranca del Bierzo, Ramón Beberide Ledo, que uns meses antes puxera en marcha Radio León.

O impacto en Lugo estaba garantido, e boa proba deste impacto da radio entre os lucenses é que o xornal El Progreso, meses antes da apertura da nova emisora, publicaba cada día a programación de emisoras de radio de Madrid, Toulouse, Londres, Valencia, Hamburgo ou Barcelona.



O diario La Voz de la Verdad do 19 de febreiro de 1935 anunciaba a chegada a Lugo de “algunhas persoas encargadas de estudar a instalación dunha emisora de radio”. Referíanse a Ramón Beberide, acompañado de persoal técnico, aos que o diario desexaba que atopasen “unha cordial acollida na nosa cidade”, significando que “Lugo era unha das poucas capitais da provincia que non contaban con emisora de radio”, e estimando que Radio Lugo “debería existir en prazo breve”.

¿Una emisora en Lugo?
Ayer llegaron a esta ciudad algunas personas encargadas de estudiar la instalación de una emisora de radio.
A nuestra ciudad ha llegado D. Ramón Beberide, acompañado de personal técnico, con objeto de estudiar las posibilidades de hacer una emisora de radio en esta ciudad.
De esperar es que dichos señores hallen una cordial acogida en nuestra ciudad, no sólo por parte de las autoridades sino por parte de todos.
Lugo es de las pocas capitales de provincia que no cuentan con una emisora de radio. Y acaso haya llegado la ocasión de que pueda contar con este servicio moderno, de tanta importancia en los tiempos presentes.
Los encargados de hacer el estudio de la instalación, deben, por parte de todos, hallar las máximas facilidades para llevar a cabo este cometido, que nivelará a nuestra ciudad con el resto de las ciudades españolas.
«Radio Lugo» debe existir en plazo breve.
Nosotros apoyaremos con todo interés este servicio, y esperamos que, con nosotros, han de apoyarle todos los habitantes de la ciudad.
Al saludar al Sr. Beberide duéjale su estancia en nuestra ciudad, deseándole muchos éxitos en sus gestiones.

La Voz de la Verdad, 19.02.1935

Radio Lugo

En El Progreso, informábase do comezo da instalación da emisora, “que comezaría a funcionar moi en breve”, no quinto piso da casa “de moderna construción en la plaza de Angel Fernández Gómez, esquina a la calle del 14 de abril”.

Radio Lugo, a través do periódico, brindaba o seu “micrófono para que desde él contribuyan al mayor esplendor de la nueva emisora y al difundimiento de la cultura, base primordial de la Radiodifusión”. Pola súa parte, El Progreso lle brindaba á emisora as súas columnas e o seu entusiasmo.

Discurso de Gil Robles

El Progreso, o 24 de marzo dese ano, informa que, dentro do período de probas de Radio Lugo, vai emitir o discurso que en A Coruña vai pronunciar José María Gil Robles. O político ía intervir en A Coruña nun acto de Acción Popular, e para a emisión desta intervención, Radio Lugo contaba coa colaboración de Radio Coruña.

Durante toda a tarde do día interior fixéronse probas para esta transmisión, que resultaron totalmente satisfactorias, advertindo aos propietarios de receptores de gran potencia que “para oír con perfección las emisiones de Radio Lugo, es conveniente que desconecten la antena, pues aún cuando de esta forma, aunque se pierda potencia, la sonoridad es más perfecta”.


En período oficial de probas

En El Progreso do 10 de abril informábase da presenza en Lugo do Sr. Rivas, enxeñeiro da Dirección General de Telecomunicaciones, para revisar as instalacións de Radio, que quedaba oficialmente funcionando en período de probas.

A emisora comezaba a funcionar de dúas a tres da tarde, en sesión de sobremesa; de tarde, de seis e media a sete e media; e de noite, desde as dez e media ata a medianoite



RADIO LUGO
Ayer estuvo en esta capital el ingeniero de Telecomunicaciones de la Dirección General del Sr. Rivas, para revisar la instalación de Radio Lugo, que quedaba oficialmente funcionando en período de probas.
Desde hoy, por consiguiente, comenzará Radio Lugo sus emisiones de sobremesa de tres a siete y media; de tarde, de seis y media a siete y media; y de noche, de diez y media a medianoite.
Las emisiones de sobremesa serán transmitidas por ondas cortas. Las emisiones de tarde y noche serán transmitidas por ondas largas.



Saúdo do Gobernador

Neste período de proba, con motivo do aniversario da República, visitaron as instalacións da nova emisora o Gobernador Civil, Artemio Precioso García, ao que acompañaba o alcalde accidental, Señor Valcárcel.

O Gobernador dirixiu aos lucenses un breve saúdo a través do micrófono de Radio Lugo. Do feito informou o xornal El Progreso do 16 de abril.

A primeira Semana Santa

Na súa primeira Semana Santa, Radio Lugo “teniendo en cuenta los sentimientos de religiosidad de los lucenses”, acordou suspender as súas emisións a partir da sobremesa do Xoves Santo.

Na sobremesa ofreceuse ese día “un selecto programa de música sacra”. Suspendéronse as emisións de tarde e noite. O Venres Santo, ás doce, transmitíase o Sermón das 7 Palabras, a cargo do R.P. Laburu, desde Madrid. As emisións volveríanse iniciar na sobremesa do sábado.

El Progreso eloxiaba a decisión da emisora, “poniéndose a tono con el acendrado catolicismo lucense”.



Un saludo del gobernador por radio

A las seis y cuarto de la tarde se trasladó el gobernador civil de la provincia don Artemio Precioso García, acompañado del alcalde accidental señor Valcárcel y de otras personas, al estudio de Radio-Lugo.

A dicha hora se acercó el señor Precioso al micrófono dirigiendo al pueblo de Lugo un breve saludo.

El Progreso, 16.04.1935

Las emisiones de Radio-Lugo

«Radio-Lugo», teniendo en cuenta los sentimientos de religiosidad del pueblo lucense, ha decidido suspender sus emisiones a partir de la de sobremesa de hoy.

En ésta, que como es sabido se efectúa de dos a tres de la tarde, se radiará un selecto programa de música sacra. Suspendirá las de las seis y media de la tarde y diez y media de la noche; retransmitiendo el viernes, a las doce, el Sermón de las Siete Palabras a cargo del R. P. Laburu, en Madrid; volviendo a reanudar las emisiones en la sesión de sobremesa del sábado.

Aplaudimos el acuerdo de nuestra emisora local, poniéndose a tono con el acendrado catolicismo lucense.

La Voz de la Verdad, 18.04.1935

Emisión desde Cataluña

En cadansúa publicación do 22 e 26 de setembro en La Voz de la Verdad, infórmase dunha emisión especial o día 26, ás 22:10 horas, desde Radio Asociación Catalana, E.A.J. 105, de alcance internacional, de música exclusivamente galega, coa que conectará Radio Lugo. Menciónase que esta iniciativa da emisora lucense é xa a terceira das dedicadas a Lugo, despois da de Radio Castilla de Valladolid, e Radio León.



Subliñaba o xornal que a emisión coincidía cos albores do “Centro de Iniciativas y Turismo que persigue el engrandecimiento de Lugo”, e anunciaba unha “posible emisión dedicada a Lugo por una potente emisora extranjera”, o que viña poñer de manifesto a “importancia que para todos tiene la existencia de una estación radiodifusora en esta capital”.

Radio Asociación de Cataluña

Da hoy una emisión dedicada a Lugo

Como habíamos anunciado la emisora de Barcelona, E. A. J. 15, Radio Asociación de Cataluña, da hoy, a partir de las diez y diez minutos de la noche, una emisión dedicada a Lugo, especialmente a los radioyentes de nuestra emisora local, E. A. J. 68.

Radio Asociación de Cataluña emite con una longitud de onda de 925 5 m., que corresponde a una frecuencia de 1.022 kilociclos; su potencia es de tres kilovatios, lo que le permite un radio de acción internacional.

En esta emisión la estación catalana radiará música galega, con preferencia de autores lucenses, como Montes, Veiga, etc., e inspirada en el ambiente de Lugo y su provincia.

Correspondiendo a la gentileza de E. A. J. 15, Radio Lugo, se oca a doce de la noche de mañana, día 27, radiará un programa de música con una moderada, dedicado a Radio Asociación de Cataluña y a sus numerosos radioyentes.

Con esto son ya tres las emisoras españolas que han hecho vibrar en sus antenas el nombre de Lugo, pues como recordarán nuestros lectores, primero Radio-Castilla (Valladolid) y después Radio León, dedicaron emi-

siones especiales a esta capital. Actos como este revisten gran importancia para poblaciones que, como la nuestra, necesitan propagar sus bellezas y encantos frívolos por la influencia que ello supone en los corrientes del turismo.

La emisión dedicada a Lugo por Radio Asociación, tiene una provincialcoincidencia con los albores de la CIT (Centro de Iniciativas y Turismo) que persigue el engrandecimiento de Lugo.

Aun cuando no podemos anticipar datos concretos, sabemos que probablemente en fecha próxima una potente emisora extranjera también dedicará una emisión extraorinaria a Lugo. Estos hechos evidencian la importancia que para todos tiene la existencia de una estación radiodifusora en esta capital, pues en E. A. J. 68 Radio-Lugo se debe que otras emisoras se acuerden de nosotros.

Recadación e control

Como medio emerxente, a radio espertou o interese do goberno, dunha banda como elemento de recadación, e de paso para controlar o impacto -cualitativo e cuantitativo- na sociedade.

Así, El Progreso, o 27 de abril, recordaba que o 30 do mesmo mes remataba o último prazo concedido para o pago voluntario das “licencias para uso de aparatos radioreceptores, incluso para los de galena”. Estas licencias podían recollese en Telégrafos, na rúa de San Pedro.

A partir do trinta de abril comezaríase a inspeccionar para descubrir os aparatos clandestinos, de acordo coas disposicións vixentes. Aos propietarios que se descubrisen, concederíanselles oito días para obter as licencias, “por el duplo de su valor, sin excepción”. Se nese prazo non se recollese a licencia, faríase efectiva pola vía de apremio, o mesmo que a multa que puidese impoñerse, “sin perjuicio de incautarse inmediatamente del receptor”.

De interés para los radioyentes

Por consideración de interés para los radioyentes y a fin de evitarlos los perjuicios que su infracción pudiera irrogarles, recordamos una vez más que el día treinta del corriente mes de abril termina el último plazo concedido para el pago voluntario de las licencias para uso de aparatos radioreceptores, incluso para los de galena.

Dichas licencias pueden recogerse en las oficinas de Telégrafos, calle de San Pedro, todos los días laborables, de once a una de la mañana y de cuatro y media a cinco y media de la tarde.

A partir de dicha fecha comenzará la inspección para descubrir los aparatos clandestinos, con arreglo a las disposiciones vigentes, de las cuales copiamos a continuación la parte que afecta a los poseedores de aparatos clandestinos:

Artículo 27.—Se intensificarán todo lo posible las inspecciones para descubrir aparatos receptores clandestinos. Al descubrirse uno, se invitará al poseedor a obtener la licencia en un plazo máximo de ocho días, dentro del cual se expedirá la licencia por el duplo de su valor, sin excepción. Si transcurrido ese plazo de ocho días el poseedor del receptor clandestino no hubiese recogido la licencia, se harán efectivas por la vía de apremio, a cuyo efecto se remitirán a la Delegación de Hacienda los recibos no satisfechos y el de la multa que pudiera haberse impuesto, sin perjuicio de incautarse inmediatamente del receptor.

Artículo 28.— Sanciones: Al poseedor de un aparato de galena sin licencia, multa de veinticinco pesetas. Al poseedor de un aparato de lámparas sin licencia, multa de cien a quinientas pesetas.

As multas previstas para os posuidores de aparatos de radio de galena sen licencia eran de 25 pesetas. E de entre 100 e 500 pesetas para os aparatos de radio de lámpadas.

El Progreso, 27.04.1935

La Voz de la Verdad, 26.09.1935



No "Día de la Raza"

La Voz de la Verdad, o 13 de outubro, informa da intervención especial do Gobernador Civil, Artemio Precioso, e da súa filla, Marina Precioso, na programación de tarde de Radio Lugo, con motivo do "Día de la Raza".

Falou en primeiro lugar o Gobernador, que repetiu o discurso pronunciado no banquete do mediodía, e a continuación a súa filla, que sinalou que o facía por orde de seu pai que, "a pesar de su aspecto bondadoso, es hombre bastante autoritario".

Da muller galega dixo que "tiene todas las cualidades y todas las virtudes: belleza, inteligencia, espíritu de sacrificio, amor al prójimo, fidelidad, comprensión...", subliñando que "la fiesta de la Raza es la fiesta de Galicia", porque "nadie como sus hijos conquistó America, bajo el signo del trabajo y de la constancia. Y lo que es más admirable, estos gallegos van, triunfan en América, y todos vuelven a su tierra con el fruto de su esfuerzo".

Rematou a súa intervención dando vivas a Lugo, a Galicia, a España e á República.

En Radio Lugo

Conforme se había anunciado, ayer en la sesión de la tarde pronunció unas palabras ante el micrófono de nuestra emisora local la bellísima Sra. Marina Precioso, hija de la primera autoridad civil de la provincia.

Primeramente el Sr. Gobernador dió lectura ante el micrófono a las cuartillas que leyera en el banquete celebrado mediodía, y que insertamos más arriba.

La Sra. Precioso leyó e continuación les siguientes cuartillas:

Hablar en público, aunque sea delante de un micrófono tiene para nosotras las mujeres que no somos sabidosas ni doctores, algo de terrorífico que nos causa pavor sobrehumano y deseos irreprimibles de huir... Yo me aproximo al micrófono de Radio Lugo con verdadera emoción y obedeciendo una orden. Mi padre, que a pesar de su aspecto bondadoso, es hombre bastante autoritario, quiso acceder a los amables requerimientos de esta emisora, y aquí estoy pidiéndoles perdón por mi involuntario atrevimiento.

Se celebra hoy la Fiesta de la Raza, que es en sí misma, recordar a Cristóbal Colón y al descubrimiento de América, magno y universal acontecimiento realizado a impulsos de los Reyes Católicos.

Cuanto tiende a glorificar y perfeccionar la raza, debe merecer la atención de todos. Por lo que a Galicia se refiere, la mujer posee todas las cualidades y todas las virtudes: belleza, inteligencia, espíritu de sacrificio, amor al prójimo, fidelidad, comprensión... Aunque he nacido en Castilla, soy, desde que os he conocido señoras y señores lucenses, si no una gallega honoraria, por que este es un título que uno no se puede otorgar a sí mismo, hermano vuestro de corazón, que donde quiera que esté, hablaré de vosotros y de Galicia, con el entusiasmo que merecéis. Los paisajes maravillosos de esta tierra, sus montañas, sus playas, sus ciudades, sus caminos, conquistaron mi corazón antes de vivir entre vosotros. Porque, eso sí, conozco a Galicia antes de vivir en ella. Y este es una prueba de nuestra admiración por la divina patria de Rosalía de Castro.

Como alguien ha dicho hoy mismo, en realidad, la fiesta de la raza es la fiesta de Galicia. Porque nadie como sus hijos conquistó América, bajo el signo del trabajo y de la constancia. Y lo que es más admirable, si los gallegos van triunfando en América, todos vuelven a su tierra, con el fruto de su esfuerzo. Señoras y señores radioyentes me despido de vosotros, dando vive que se han de encontrar en vuestros corazones el más fervido apoyo:

Viva Lugo! Viva Galicia!
Viva España! Viva la República!

La Voz de la Verdad, 13.10.1935

RADIO-LUGO

Inauguración oficial

Programa que se radiará hoy, a las cinco y media de la tarde, en Radio-Lugo, con motivo de la inauguración oficial de esta emisora.

Señorita Casita - Garmendia. "Miss Fiestera 1935", interpretará al piano: Marcha turca, Mozart; concierto de Chopin (primera parte); Chopin.

Señorita Agripina Ceia "Miss Fiestera 1934": Recitado de la poesía "Nada, no seas coqueña", original del poeta leonés José Bálgora Suárez.

Don Luis Novo (tenor), cantará: Romanza de las Hilarteras, Serrano; romanza del Huesped del Sevillano, Guerrero; Amalia (canto), Francisco Parra.

Don Alberto Corrajo, (tenor), cantará: La donna et moi de Rigoleto, Verdi; En Aragón son así (vals), Francisco Parra.

El terceto integrado por don Francisco Parra (piano), don Manuel Rodríguez (violonchelo), y don Eddie Higuera (violín), interpretarán: Fantasía de la Dolorosa, Serrano; Folias novas (rapsodia gallega), Braga.

En este acto pronunciarán discurso, entre otros, los excmos. señores gobernador civil de esta provincia presidente de la Diputación provincial y señor alcalde.

RADIO-LUGO

El acto de la inauguración oficial

El domingo a las cinco y media de la tarde se celebró en Radio-Lugo la inauguración oficial de esta emisora. El acto fue presidido por el Sr. Gobernador Civil, Sr. Artemio Precioso, acompañado de su hija, Srta. Marina Precioso, y de un grupo de señoras y señores. El programa que se actuó en Radio-Lugo, a las cinco y media de la tarde, fue el siguiente: "Miss Fiestera 1935", interpretada por la Srta. Casita Garmendia; "Miss Fiestera 1934", interpretada por la Srta. Agripina Ceia; recitado de la poesía "Nada, no seas coqueña", original del poeta leonés José Bálgora Suárez; canciones de Don Luis Novo y Don Alberto Corrajo; terceto integrado por don Francisco Parra, don Manuel Rodríguez y don Eddie Higuera; rapsodia gallega de Braga; y discurso del Sr. Gobernador Civil y del Sr. Alcalde.

Inauguración oficial

Foi o 27 de outubro de 1935, e o xornal El Progreso dese día recolle o programa do acto, que foi emitido ás cinco e media da tarde pola emisora Radio Lugo, nun programa que estaba composto por música, cancións, recitado de poemas, música en directo e discursos das primeiras autoridades provinciais e locais. O mesmo xornal publicaba a crónica desta inauguración o 29 do mesmo mes.

Cómpre destacar que actuou en directo un trío musical do que formaba parte o Mestre Francisco Parra (ao piano), Manuel Rodríguez (violonchelo) e Eladio Iñiguez ao violín. E o destacado lucense Amaro Alvarez recitou un poema seu, dedicado ao centenario de Lope de Vega.

Os discursos estiveron a cargo de Ramón Beberide Ledo, creador e director da emisora; José Lomas Díaz, polo Colexio Médico e o C.I.T.; Angel Reguera, director de "Alborada"; Antonio Rodríguez, vicepresidente da Comisión Xestora Provincial; Camilo López Pardo, Alcalde, e o gobernador civil interino, Sr. Fernández Carrascosa.

El Progreso, 27/29.10.1935



Ramón Beberide Ledo

A Programación en El Progreso

Se antes se publicaban na prensa as programacións de importantes emisoras nacionais e do estranxeiro, desde a inauguración El Progreso comezou a publicar as programacións diarias de Radio Lugo.

Co título de RADIO, o 1 de novembro de 1935 comezaba a publicarse o programa do día, repartido en tres bloques -sobremesa, tarde e noite-, que comezaban ás 14:00 horas (duración, 45 minutos), das 18:30 ata as 19:30 e das 22:30 ás 00:00. Ao comezo de cada unha destas sesións interpretábase o Himno Galego.

O programa podía ser publicado en solitario, ou en compañía do de outras emisoras, tanto polo xornal El Progreso como por La Voz de la Verdad. Lugo tiña xa a súa primeira emisora de radio, e a prensa colaboraba en difundir os contidos da emisora para información dos oíntes que -estamos seguros- non deixaban de aumentar.

RADIO

Programa para hoy, día 1 de noviembre de 1935.

RADIO-LUGO, E. A. J. 68

A las 14: Hímnico Gallego; "Marte en mi menor" (allegretto), Beethoven; "Cuarteto en mi menor" (canzoncilla), Mendelssohn; "El hombre que se reía del amor" (vals), Paderewski; "El hombre que se reía del amor" (danza), Paderewski; "Los diablucos" (señor Juan, señor Juanito y romanza), Vives; "Alma del cantaro" (canción), Paganini; "La perla de Oriente" (canción), Berta; "Bainaya Lezhnitskaya" (danza popular rusa), (Yablochko) (danza popular rusa); "La vega" (pasodobla), Sentís; "Pobeta de arrial" (canto), Rocha; 14.45: Sección del radioyente; boletín meteorológico. — 15: Cierre de la estación.

A las 18.30: Hímnico Gallego; "Lo mejor es reír" (fox), Salado; "Mallorca", Albéniz; "Granada", Albéniz; "Las tentaciones" (dos suspiros y canción del rata), Paso; "No se le olvide" (canción), Villanueva; (Y por esta calle vive) (canción), García; "La condesa Marfisa" (fantasía), Dvorak; Sección del radioyente. — 19.15: Noticias de Prensa, notificación de la Bolsa. — 19.30: Cierre de la estación.

A las 22.30: Hímnico Gallego; "Buena, campana" (vals), M. Domingo; "Allá en la Habana" (habanera), M. Domingo; "Cuarteto de Aida", Verdi; Sección del radioyente, notificación de la Bolsa. — 23.45: Noticias de Prensa. — 24: Cierre de la estación.

El Progreso, 1.11.35



FACENDO HISTORIA

1936

Levaba oito meses -convulsos no político e no social- funcionando a nova emisora cando se produce a campaña e votación do Estatuto de Galicia.

Queda constancia de que Castelao falou por esta emisora o 30 de maio, e o 25 de xuño fíxoo don Ramón Otero Pedrayo. Entre un e outro, o 18 de xuño de 1936, cando aínda non cumprira os trinta anos, o xa Catedrático de Literatura do Instituto de Ensino Medio de Lugo, Xosé Filgueira Valverde, pronunciou unha acendida conferencia-mitin a través das antenas de Radio Lugo, E.A.J. 68, pedindo o voto no nome da Dereita Galeguista para o Estatuto de Autonomía de Galicia, que se ía votar en referendo o 28 daquel mesmo mes.

En 2015, o daquela Catedrático de Filosofía xubilado, Manuel Regueiro Tenreiro (+), xunto co seu fillo Fernando Regueiro Pérez, pescudaron nos fondos do Museo de Pontevedra, arquivo Filgueira Valverde, onde se conserva o texto manuscrito, con emendas e riscadas, desta conferencia, que revisaron e analizaron, sendo publicado en facsímile e transcrición por Galicia Digital, precisamente o ano no que o Día das Letras Galegas se dedicou ao ilustre polígrafo galego.



E pasaron os anos, e a radio foi entrando nas nosas vidas, formando parte das vidas de todos nós.

No 1967, apareceu Radio Popular de Lugo, que axiña cumprirá 60 anos, e á que, por esa longa traxectoria, prestamos tamén especial atención nesta mostra. N o 2007 celebrou os seus primeiros 40 anos coa publicación do libro “Cuarenta años contigo”.




No 2011, Radio Lugo cumpriu os seus primeiros 75 anos, e con motivo desta efeméride, Paco Nieto -especial home de Radio, de Radio Popular e Radio Lugo- escribiu a historia da emisora no libro “Radio Lugo. 75 años de Radio”

No 2017, volveu á actualidade Radio Popular publicando o libro “Medio siglo de radio. 50 años de Cope Lugo”.



E neste 2025, 90 anos de Radio en Lugo, 90 anos de Radio Lugo, volve Francisco Nieto Rodríguez a facer historia publicando na Editorial Medulia o libro que homenaxea á radio e ao lembrado don Xosé Trapero Pardo, que titula “Bon proveito, amiguiños. 90 anos de radio en Lugo”.



E arredor, todo un mundo de radio. Que se ao comezo foi Radio Lugo en solitario durante trinta e dous anos, e logo as dúas conxuntamente -completando Radio Monforte o panorama radiofónico provincial-, produciuse logo a explosión das novas frecuencias para emisoras, que enriqueceu definitivamente a nosa posibilidade de elección.

A radio nas nosas vidas foi cada vez máis presente. Cada vez máis activa, foron tendo e teñen presenza e vida na nosa cidade Radio Nacional de España, Radio Galega, Radio Voz, Onda Cero... coas súas emisoras especializadas.



Cumprindo
90 anos na cidade,
a Radio é cada vez
máis nova e máis viva.



Unha vida de Radio: Tonina Gay



Oficialmente a radio nace en España o 14 de novembro de 1924, Radio Barcelona EAJ 1, fundada pola Asociación Nacional de Radiodifusión. Dezasete anos despois nazo eu, tamén en Barcelona. O 27 de outubro de 1935 empeza a emitir Radio Lugo, EAJ 68, fundada por Ramón Beberide Ledo. Vinte e sete anos despois, neste indicativo, inicio a miña vida profesional, que se prolonga ata a xubilación en 2006. Corenta e catro anos dos noventa que cumpre a radio de Lugo.

O meu primeiro contacto co medio é a radio de galena do meu pai. Pasado un tempo chegou a casa un moderno receptor. Fíxenme adicta e descubrín a miña vocación.

Terían que pasar anos, e tras o exercicio dun curso de mestra, sorpresa!, teño a oportunidade de ver cumprido o meu desexo e acólleme Radio Lugo como locutora en xullo de 1962.

Radio Lugo tiña os seus estudos nun fermoso edificio, da autoría do arquitecto Eloy Maquieira, na Praza de Angel Fernández Gómez 5 - 5º. Emitía en AM co preciso: un transmisor, que acendiamos 15 minutos antes de empezar as emisións (meses despois trasladouse ás Arieiras e estreamos antena), locutorio con mesa de mezclas, micrófono, auriculares, dous tocadiscos, dous magnetófonos de cinta aberta, carretes de cinta magnetofónica, discos, gong... Estudio de gravación -con piano-, discoteca, redacción, administración, taller, cuarto de teléfono, dirección e fermosas vistas. Cómodo para traballar. Seis persoas no cadro de persoal fixo e numerosos colaboradores. Emisión de 10:00 a 18:00 e de 20:00 a 00:00 horas. No meu "bautizo radiofónico" como locutora cubrinas todas nun día. O famoso "Tren de la alegría de Radio Lugo" viaxou en agosto de 1962 a A Coruña, con centos de socios mais todo o persoal da emisora, quedei soa e aquilo funcionou.

En 1964 ampliouse a programación, de 08:00 a 00:00 horas. Os programas en cadea facíanse por conexión telefónica e os seriais reproducíanse en cintas magnetofónicas que viñan de Radio Madrid, por correo, todos os días. Desde hai tempo as conexións van vía satélite. En xaneiro de 1981 trasládanse os estudos ás Galerías Villamor, máis espazo, luminoso e sen vistas. Tamén cómodo para traballar. A FM colle forza. 24 horas de emisión.

¿Qué fixen? Continuidade, Matinal Cadena SER, magazine Mexunxe, Tertulia Club de opinión, programas xuvenís, musicais, culturais, denuncia, galego, educativos, alternativos, informativos, entrevistas, entretemento, concursos... Festa da Poesía e da Música Luguesas no cincuentenario de Radio Lugo.

Cheguei á radio co microsuroco, coa presenza aínda do disco de 78 rpm, e co magnetófono de cinta de bobina aberta. Utiliceí casete, cartucho de oito pistas, CD, ordenador e informática, transmisión vía satélite, e fun a primeira en emitir un programa de radio a través de internet na radio de Lugo. Non cheguei a traballar co magnetófono de fío e xubileime antes do podcast, das redes sociais e da pantalla "imita TV", que non sei que pinta na radio. Coñecín a censura e desfrutei da liberdade. Tiven tempo para cursar a carreira de Xornalismo na Escola Oficial de Periodismo de Madrid e o Graduado en Lingua Galega na Escola Oficial de Idiomas de A Coruña, apoios importantes para a profesión.

COMPAÑEIROS DE RADIO LUGO, EAJ-68 (1962-2006)


Directores: Ramón Beberide Ledo, Olga Beberide Martínez, Julio Beberide Martínez.

Amalita Paredes, Carlos Losada Aizpitarte, Daniel Hortas, Santiago Seijas Fandiño, Francisco López Busto, José Tuñas Bouzón, José Traperero Pardo, José Tores Sánchez, Francisco Rivera Manso, Alejandro Armesto, Narciso García Fernández (Siso), Paco Rivera Cela, Alfredo Sánchez Carro (Alsanca), Alejandro Amieiro, Severo Rodríguez, Antonio Meilán, Germán Fernández, Manuel Cela, Manuel Díaz, Daniel Méndez Vítori, Juan Quiñoá, Manuel Mouriño Castro, Titín, José Fouce Meilán, Juan Carlos Marzán, Felipe Iglesias, Lino Ventosinos, Antonio Bolaño, Manolo Parga, Tino Cabanas, Manolo Sicart, José Martín Cora, Arsenio Coto, Juan Soto, José de Cora Paradela, Ernesto Sánchez Pombo, Nazaret López, Pilar Falcón, Manolo Lombao, Jesús Parga, Loly García Albariño, Fidel Fernán, José Muñiz Andión, Carmen Vázquez Portomeñe, Lois Diéguez (e equipo), Carmen Gay Parga, Manolo Jato, Javier Illán, José Areñas, Arcadio Silvosa, Pepe Seijo, Angélica Rubio, Paco Basanta, Emilio González, Victorino Melle, José Manuel Gordillo, Ovidio González, Juan Carlos Rodríguez, Pedro Revaldería, Grial Parga, (e equipo), Antonio Mourellos, Roberto Carlos Pérez, Cristina Lombao, Celia Díaz, Begoña Vázquez Sanjurjo, Rosa Sierra, Paco Nieto, Noemi Vázquez, Elena López, Lolo Bello...

(Non se citan compañeiros de "40 Principales" nin "Cadena Dial")



Paco Rivera: De Radio Lugo a Radio Popular



Pisé Radio Lugo por vez primera cuando llevaba en funcionamiento una docena de años; todavía me llevaba mi padre de la mano. El iba a cantar tangos para los oyentes de la emisora. “Adolfo Bravo y sus muchachos”, le anunciaban. Los “muchachos” era uno solo: Antonio Balbás, sastre y pianista, que falleció hace unos meses a punto de cumplir los 100. Volví alguna vez más, pero por mediados de los 50, estaba yo en el Instituto, me ofrecí para llevarles y leer los resultados de los Campeonatos Escolares. Luego Sánchez Carro, responsable de los programas deportivos, me dio la primera oportunidad seria. Y en 1959, aún no había cumplido los 18 años, Carro se casó, se fue de viaje de novios, me dejó al frente de sus programas y al regreso además de regalarme un bloc de plástico, que entonces era una joya, empezó a pagarme 100 pesetas mensuales.

Luego empecé a hacer programas al margen del deporte, eché a andar los fines de semana un magazine y en él la elección de Los Lucenses del Año, y casi coincidiendo con esta etapa, a principio de los 60 me pasaron a los informativos, empecé a cobrar 1.000 pesetas al mes, que ya me pagaba la emisora y allí estuve hasta 1967, aprendiendo todo al lado de las estrellas de la radio de la época: Daniel Hortas, Carlos Losada Aizpitarte, Tuñas Bouzón, Tonina Gay, Paco Busto... Y Carro, claro.

Cuando en los inicios del verano del 67 me vinieron a buscar para un proyecto nuevo, Radio Popular de Lugo, yo ya sabía bien de lo que iba aquello y la oportunidad que se me daba de consolidarme en la profesión. Podría decir sin exagerar que casi construí el edificio de la nueva emisora, en obras entonces en el Lugar de Valiño, un sitio alejado del centro, donde el Obispo Ona de Echave también echaba a andar la Casa Diocesana y el Colegio Menor Santísimo Sacramento. Los inicios de Radio Popular fueron apasionantes, un equipo jovencísimo, en el que había hasta menores de edad, y en el que el director, Benito Vázquez (35 años) y yo (26) éramos los más “viejos”. Manolo Lombao, Jesús Parga, Teresa Castro, Cristina Sánchez Neira, Tino Cabanas, Joaquín Fernández, Antonio Bolaño, Bórtolo, Julio Giz, Marcial G. Vigo, Charo Vila, Carlos López, Juan Abellán, Juan José Martínez, Alejandro Amieiro, Paco Arrizado, Ricardo Couto, Paco Nieto, Rafael de la Vega, Antonio Cancela, Jesús Díaz, J. Luis Otero, Jesús Mato, Conchita Losada, Chema Núñez, Marta Varela...



Charo Vila e Paco Arrizado



Teresa Castro e Paco Rivera



Manuel Lombao e Charo Vila

La mayoría eran inexpertos, algunos ni había visto un micrófono en su vida, pero Benito Vázquez, con todos, formó un equipo poderoso, aliado con la gran joya de la radio: la disponibilidad de tiempo. Las 24 horas del día las teníamos para nosotros y bien que las aprovechamos con transmisiones deportivas, programas cara al público, concursos, informativos locales sin límites de duración, festivales con estrellas de primera fila... Y todo esto contando con unos estudios y unos medios técnicos a la altura de las mejores emisoras de España, cosa que hay que agradecerle al Obispo Ona de Echave, que no regateó medios ni dinero, y al director Benito Vázquez, que contando con la generosidad del Prelado, no reparó en gastos a la hora de disponer de lo mejor: tres estudios, tres controles de sonido, técnica de vanguardia, un pequeño auditorio con capacidad para 60 personas sentadas, una amplia redacción, discoteca bien nutrida. Como en la BBC nos sentíamos los que trabajábamos allí.

Hice de todo allí y fui de todo: redactor, redactor jefe, jefe de programas, director... Pero especialmente pude hacer de todo: musicales, deportivos, entrevistas por miles, un programa de madrugada, una gira por centro Europa con 13 programas de una hora que produjimos nosotros y dieron la mayoría de las emisoras comerciales de Galicia, incluso de otras cadenas... Imposible teóricamente encontrar tantas y tan buenas oportunidades, pero en la práctica sí las tuvimos; y las aprovechamos. Cuanto con esta publicación se quiere hacer un homenaje a la nonagenaria radio lucense, ante ustedes me tienen: uno de los que la disfrutó y que no tiene más que palabras de agradecimiento eterno para las dos casas que me albergaron y me dieron todas las oportunidades: Radio Lugo y Radio Popular.



Trabajadores de Radio Popular de Lugo en sus primeros cincuenta años

Benito Vázquez Regueira
Jesús Parga López
Manuel Lombao Lombao
Francisco Miguel Rivera Cela
Teresa Castro Vázquez
Teresa Rodríguez Varela
Cristina Sánchez Neira
Elisa Prieto Martínez
Juan José Martínez Blanco
Jesús López Calaza
Joaquín Fernández Pérez
Antonio Cancela Gallego
Francisco Arrizado Yáñez
Juan Abellán Parra
Carlos López Rodríguez
Concepción Losada Pérez
Rosario Vila Sande
María Luisa Díaz Rojo
Francisco Antonio Nieto Rodríguez
Rafael López De La Vega
Marcial José González Vigo
María Pilar Fernández Fompedriña
Erundina Mariz Vázquez
José Miguel De Paz Alonso
Marta Varela Escolante

María Pilar Fernández Carrillo
Carlos Montero Fernández
Manuela Pico Naveiras
José Manuel Núñez Losada
Julio Carballal Jartín
Miguel Ángel Fuente Parga
Antonio Vilela Conde
María Paloma De Castro Lorenzo
José Adolfo Somoza Lopez
Xulio Xiz Ramil
María Evangelina Nogueira Sánchez
María Josefa Fernández Azpeitia
Juan Manuel Lamas Vázquez
Carmen Cruzado Iglesias
José Luis Ceide Arias
Miguel Ángel Álvarez Del Pozo
Isidro Rodríguez Rodríguez
Arturo Javier Cerviño Villaverde
José Luis Ramudo Ramudo
Bibiana Cabo Rodríguez
María Teresa Corbelle Parga
Beatriz De Miguel Vedia
Daniel Otero Viña
Raquel Santos Cociña
Rebecca Collado García



Directores de COPE Lugo

1975 - 1982: José Miguel de Paz
1982 - 1987: Carlos Montero Fernández
1987 - 1994: Joaquín Fernández Pérez
1994: Francisco Rivera
1994 - 1995: Miguel A. Álvarez del Pozo
1995 - 2000: Isidro Rodríguez Rodríguez
2000 - 2013: Arturo Cerviño Villaverde
2013 - Actualidade: Daniel Otero Viña



Chama Núñez Losada

"A radio da miña vida: corretornos dunha paixón sen descanso"

A miña vida na radio foi un camiño longo, intenso e apaixonado. Comezou coma unha aventura, e acabou por converterse nun xeito de estar no mundo, de vivir, de resistir. Porque a radio non foi só un traballo, foi -é- a banda sonora da miña existencia.

Corría o ano 1984 cando, practicamente en barbeito, cheguei á Radio Popular de Lugo -hoxe Cope Lugo-. Sen apenas formación profesional, o que atopei non foi unha emisora máis, senón unha referencia no panorama estatal, onde a creatividade de figuras como Xulio Xiz e Marcial González Vigo marcaban o rumbo da radio guionizada.

Desde entón, mergulleime sen descanso en centos de proxectos, desde montaxes técnicas ata creacións publicitarias que fuxían dos tópicos. A radio fíxome corretornos: alí onde fixese falla, alí estaba Chema. Sen días libres, sen tregua, especialmente nos primeiros anos. Mais aprendín a ser versátil, a vivir cada retransmisión coma unha estrea.

Xunto a Marcial -que foi mestre, guía e amigo- percorremos Galicia facendo radio en directo, creando contido, gañando premios coma o Galicia de Xornalismo en 1985, facendo da fin de semana un fogar de voces. El foi o meu faro, e a súa perda deixou un baleiro fondísimo.



Hoxe, a radio cambiou. Xa case non hai tempo local, nin programas que duren horas. Pero eu sigo, cada día e cada fin de semana, como cando comecei. Porque a radio da miña vida aínda latexa... e mentres latexe, seguirei sendo corretornos da miña paixón.



A creación na radio.

Lembranza de Marcial González Vigo

(Xulio Xiz)

Marcial González Vigo nacera en San Andrés de Veá (A Estrada-Pontevedra), pero chegou a Lugo despois de percorrer media España traballando na Radio, especialmente como comercial. Levaba a radio no sangue, e se como comercial foi inmenso, a súa verdadeira dimensión demostrouna na realización, produción, locución e -de xeito especial- na creación de guións xeniais sobre os temas máis diversos.






Compañeiro del en moitas destas aventuras, podo acreditar que era un mestre da ficción, un singular creador de contidos radiofónicos que, cos elementos documentais que eu lle facilitaba, construíu extraordinarios guións que xa son historia, que lle depararon dezaseis galardóns radiofónicos e de televisión, nacionais e internacionais.

Polo programa “A carón”, en Radio Popular de Lugo, conseguiu o Premio Galicia de Xornalismo (Xunta de Galicia) en 1985.

Dedicou anos de traballo a pescudar a historia e a vida das parroquias do Concello de Lugo, e como versificador deixou constancia de coñecemento de xentes e vidas no libro “Cantigas da Fonte Arcada”, e foi premiado no Certame Literario do Concello de Vilalba polo seu poemario “Trinta poemas e un alalá”.

Cadanseu libro garda os seus guións dos primeiros premios radiofónicos conseguidos -Bimilenario de Lugo e Ciudad de Salou-, e outro máis os textos do programa “Medio cento de galegos e Rosalía”, Premio de Radio Rosalía de Castro.

A radio enchíalle o corazón, pero este era tan grande que aínda lle cabían nel centos de amigos, devotos dun home que mereceu da vida moito máis do que a vida lle deu.



Marcial, visto por Antonio Esteban



Años de RADIO en Lugo



INAUGURACIÓN DA MOSTRA PROXECCIÓN DE: A SOLAS CON FARID



Biblioteca Provincial
Mércores 24 ás 17:30h

España, 2025-25 min.

Director: Alberto Ortega

Intérpretes: Hamza Zaidi, Mariana Cordero, Lola Baro, Antonio Fernández Ruiz, Mara Torres, Eloy Zamora.

Fotografía: Alberto González Casal

Produtor: Charlie Arnaiz, Irene Morate, Dadá Films & Entertainment, Cruz Roja

Farid, un mozo migrante en España, únese como voluntario á Cruz Vermella para combater a soidade. Alí coñece a Rosalía, unha xornalista xubilada que o agasalla cun vello transmisor de radio, despertando nel a lembranza do seu paie o seu amor por contar historias. Inspirado, Farid crea un programa de radiocomunitario para conectar a súa veciñanza. Malia a súa estrea ser desalentadora, coa praza baleira, Rosalía anima e mobiliza a comunidade. O programa vai gañando popularidade aos poucos e transforma a praza nun punto de encontro, demostrando así o poder da unión e o impacto comunitario da radio.

INTERVENCIONS DE:

Tonina Gay Parga

Francisco Rivera Cela

Chema Núñez Losada

Xulio Xiz



XLVII SEMANA de CINE LUGO 22-27 SET. 2025

